



## Concello de Xove

**Expediente núm.: 892/2021**  
**Procedemento: SELECCIÓN DE PERSONAL TEMPORAL.**  
**CONVOCATORIA DE UNHA PRAZA DE ENTRENADOR DE**  
**XIMNASIA RÍTMICA**  
**DOCUMENTO ASINADO POR: ALCALDE e SECRETARIO.**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove:

VISTA a certificación expedida polo Secretario Municipal obrante no expediente acreditativa dos candidatos presentados ao concurso - oposición convocado mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm: 250 de data 30 de outubro de 2021 para a presentación de instancias para participar no proceso selectivo para a provisión de unha (1) praza de Entrenador/ra Ximnasia Rítmica ( Persoal Laboral Temporal ).

Revisada a documentación aportada en cada unha das solicitudes de participación presentada.

En cumprimento do disposto na Base 9 das reguladoras do citado procedemento de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 22 de outubro de 2021.

No uso das competencias que me outorga o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril.

Pola presente RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Lista Definitiva de Admitidos e Excluídos no procedemento selectivo de razón que a seguir





## Concello de Xove

---

se transcribe:

### **ADMITIDOS/AS**

LETICIA QUINTAS VILAR

### **EXCLUIDOS/AS**

***NINGÚN/NINGUNHA***

Tal e como sinala a citada Base 9 no seu último parágrafo, o feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereito no procedemento selectivo.

**SEGUNDO.-** Ordear a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Anuncio do Concello e na súa páxina web ós efectos do disposto na Base 9 ( Recursos contra a Lista Definitiva ).

**TERCEIRO.-** Tendo en conta o disposto nas Bases 10 e 11 das reguladoras do citado procedemento de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 22 de outubro de 2021.

Proceder a designación dos membros do Tribunal de Selección:





## Concello de Xove

---

Presidente Titular: D. Alberto Rapa Martínez ( Encargado do Negociado de Recursos Humanos ).

### **Vocais:**

Dona Ana María Iglesias Ares (Entrenadora Municipal de Ximnasia)

D. Luis María Fernández del Olmo ( Secretario Municipal )

Dna. Elena Santos Rey ( Interventora Municipal )

### **Secretario:**

D. Pablo Sánchez Lage ( Administrativo adscrito á Secretaría Municipal )

**CUARTO.-** A celebración das probas da Fase de Oposición terá lugar ás 13´00 horas do día 11 de novembro de 2021, xoves , na Aula de Formación do Concello de Xove debendo os participantes comparecer no lugar designado 10 minutos antes, ás 12´50 horas, do inicio das probas provistos do DNI e de bolígrafo/s non permitíndose a utilización de ningunha outra clase de material durante a celebración das probas.

*Tamén será obrigatorio, por razóns do COVID 19, ir provisto de mascarilla de protección.*

Cinco minutos antes do inicio das probas se efectuará un último chamamento. Aqueles participantes que non estiveran presentes quedarán automática e irrevocablemente excluídos.





## Concello de Xove

---

**QUINTO.-** Notifíquese a presente Resolución que serve de citación ao Tribunal e aos aspirantes consonte sinala a Base 11 mediante a súa publicación no taboleiro municipal de anuncios e na páxina web do Concello de Xove.

**SEXTO.-** Contra a presente Resolución os interesados poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

Mandoo e asinoo.

*DOCUMENTO ASINADO DIGITALMENTE AO MARXE*

